

O MODELO DE TRANSPARENCIA DO PP DE REDONDELA. MODIFICADO Nº 1 DO NOVO PAVILLÓN



A nós parécenos un tema serio que merece unha análise polo miúdo dos informes técnicos. Sobre todo, cando temos aínda o sobrecusto da Piscina de Chapela e as modificacións en procesos sen rematar.

A pesares do voluminoso dos informes técnicos, **que foi imposible analizar seriamente**, sacamos algunha conclusión. A máis importante é que non podemos aceptar que se faga un Pleno extraordinario dun día para outro e se pretenda dar unha opinión coherente, fundamentada e sensata.

Outras conclusións bastantes simpáticas son que se pretende que se dea unha aprobación a algúns “feitos consumados”, cousas que xa están feitas.

Unha conclusión que temos que confirmar é que, a pesares de que din reiteradamente que non vai ter custe, tamén din reiteradamente que forma parte do contemplado na lexislación. Que ven sendo que unha obra pode ter un sobrecusto dun 10%. Neste caso supón 182.783 €. Pensamos que é legal, pero tamén pensamos que hai que acreditar ese sobrecusto e cuantificalo adecuadamente.

Dados os prazos, de onte para hoxe, só podemos dicir que **nos opoñeremos a que se acepte este Pleno extraordinario con este carácter de urxencia e propoñer que se conceda un prazo suficiente para poder analizar a documentación.**

Non debemos esquecer que un Pleno extraordinario debe contar coa aprobación previa do Pleno. **Non sabemos o que farán os demais grupos** (ou si) pero temos claro que votaremos en contra, porque nós opinamos despois de ter coñecemento dos datos. **Cada quen é responsable dos seus actos e AER faise responsable dos seus, pero nunca opinará sen ter a posibilidade de fundamentar a súa opinión.**

Paramos o Canabal e esperamos parar este sinsentido de poñernos fronte a unha importante decisión sen ternos facilitado a información correspondente coa suficiente antelación.

Recordar á veciñanza e aos demais grupos do Pleno que dita información xa estaba nas mans do PP dende hai tempo, non é de onte. Nin a información, nin os procedementos, nin os informes dos técnicos, ¡NIN AS OBRAS XA FEITAS PARA AS QUE SE NOS PIDE APROBACIÓN!

Nós apostamos pola transparencia, pero pola transparencia de verdade, non por declaracións para lavar a cara.

Nos próximos días iremos informando á cidadanía dos contidos que pretenden aprobar neste pleno “con nocturnidade e aleivosía” (aínda que o fagan ao mediodía). Terán vostedes coñecemento da documentación coa que contamos e dos informes que poidamos obter dos técnicos independentes que poidamos consultar.

Día 4 de marzo

From: "Secretaría" Sent: 04 Marzo 2015 09:21 Subject: convocatoria sesión 05/03/2015 Remitimos a convocatoria da sesión extraordinaria urxente para o día de mañá.

Saúdos

PROPOSTA DE ACORDOS QUE SE LEVARÁN A ESTE PLENO:

- 1.- Aprobar o Modificado nº 1 coas modificacións introducidas, sen variación do orzamento inicial do proxecto que se modifica
- 2.- Aprobar o procedemento de modificación.
- 3.- Aprobar a realización das obras polo adxudicatario da obra principal de acordo co proxecto modificado.
- 4.- Facer extensiva a esta modificación os Pregos das cláusulas administrativas e demais condicións do contrato principal.